

# VI MARATÓN por MONTAÑA “A CAMELIA” 2022



## Regulamento e Programa

### Organiza:



**vértice**

### Colabora:



**Concello  
de Vedra**

# VI MARATÓN por MONTAÑA “A CAMELIA” 2022

## 1.- ORGANIZACIÓN E TIPO DE PROBA

1.1.- O Club de Montaña Vértice, coa colaboración do Concello de Vedra, organiza o **VI Maratón por Montaña “A Camelia” 2022**, que se celebrará o día 06 de Febreiro do 2022, con saída na Área recreativa de Agronovo e chegada en Vedra (Pabellón de Deportes).

1.2.- Tipo de proba.

**MARATÓN:** Modalidade competitiva no federada, con unha distancia de 42 kms.

Desnivel positivo aproximado de 1.900 m e un desnivel acumulado de 3.700 m.

Dificultade física: alta

Dificultade técnica: media

3 Avituallamentos (líquidos + sólidos)

A saída da Maratón será as (9:00h), trasladándose os participantes en autobús desde o Pavillón Polideportivo de Vedra (as 8:30).

Existirá un tempo límite de **7:00h**, contadas desde a saída, polo que o participante que supere as **5.30h** nun punto no que haberá unha persoa de control (**Km 31**), deberá desviarse obrigatoriamente polo trazado alternativo. Así mesmo, a organización poderá retirar a todo corredor que non este en condicións físicas de seguir en carreira.

## 2.- PERCORRIDO

2.1.- O itinerario recorre os montes e camiños de gran parte do Concello de Vedra, adentrándose tamén, nos concellos de A Estrada, Boqueixón e Teo. Sendas cheas de historia, lendas e tradicións, moldeadas pola forza da natureza.

Tamén haberá tramos de asfalto, tanto na saída como na chegada, así como enlaces entre distintas zonas.

### Maratón

Elevación máxima: 523 m

Elevación mínima: 42 m

Pendente máxima de subida: 41%

Pendente máxima de baixada: 38%

Distancia de asfalto acumulada: 3 kms

## 3.- PROGRAMA

### **06 de Febreiro (domingo)**

**07:30**—Apertura dirección de carreira e comezo da entrega de dorsais. (Pavillón Polideportivo de Vedra- Zona de Meta)

**08:30**—Fin da entrega de dorsais para a Maratón.

Inicio de transporte (autobuses) dos corredores da Maratón.

**09:00**—Saída da Maratón.

**14:30**—Corte horario da Maratón no Km 31 (desvío obrigatorio)

**13:15**—Chegada prevista dos primeiros corredores da Maratón.

**14:30**—Cerimonia de entrega de premios.

**16:00**—Peche de Meta e clausura da proba.

#### 4.- PARTICIPACIÓN

4.1.- Cada participante debe ser consciente da lonxitude e dificultade da proba, que pode desenrolarse baixo condicións climáticas de frío, choiva e vento, polo cal debe prever que a súa indumentaria e calzado sexan os adecuados para a práctica de carreiras de montaña.

A realización da inscrición implica que os corredores leron, entenderon e aceptan as condicións do presente Reglamento e participan baixo a súa enteira responsabilidade, afirman poseer unhas condicións físicas suficientes para a realización da proba.

Material Recomendado (tendo en conta a climatoloxía de un mes de Febreiro):

- Chuvasqueiro ou cortaventos
- Teléfono Móbil con carga suficiente
- Reserva de auga de ½ litro

**-Obrigatorio vaso ou recipiente similar para os corredores da Maratón (non se repartirán vasos nos avituallamentos).**

4.2.- O percorrido estará sinalizado pola organización con cinta plástica de color vivo, pintura, carteis indicadores ou outros elementos de sinalización. E responsabilidade de cada participante localizar a sinalización e seguila.

4.3.- Os tramos que discorran por carreteras, non estarán cortados o tráfico rodado, debendo os participantes respetar as normas de Tráfico e indicacións da Organización.

**Importante prestar atención o cruce da N-525, donde habrá unha persoa da organización xestionando ese punto (Km 25).**

**Coordenadas: 42.783387, -8.435895**

4.4.- Será obrigatorio seguir o itinerario marcado e pasar polos controis reglamentarios establecidos.

4.5.- A Organización poderá realizar as modificacións que considere necesarias no percorrido, incluso a suspensión da proba, si as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.

4.6.- O percorrido da proba discorre por paraxes naturais de gran beleza (Rede Natura 2000, Vía da Prata, Camiño Miñoto/Ribeiro), polo que non debemos ensucialos nin deterioralos, arroxando desperdicios fora das áreas de control.

**Será motivo de descalificación o incumprimento desta norma.**

4.7.- O participante presta o seu consentimento a Organización do VI Maratón por Montaña "A Camelia" 2022, para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódalas formas posibles. Calquer persoa inscrita poderá prohibir a utilización expresamente, previa comunicación por escrito dirixida o Club de Montaña Vértice a través do seu mail: [cdmvertice@gmail.com](mailto:cdmvertice@gmail.com)

A Organización garantira o pleno cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, e de acordo con disposto en dita lei, o firmante queda informado e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos persoais aos ficheiros automatizados da Organización e o tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias da mesma. O participante porá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido o Club de Montaña Vértice a través do seu mail: [cdmvertice@gmail.com](mailto:cdmvertice@gmail.com)

## 5.- INSCRICIÓN

5.1.- A proba está aberta a todos os deportistas con idade mínima de 18 anos (cumpridos o día da proba).

O límite de participantes será de **100** prazas.

5.2.- As inscricións poranse formalizar a partir do día **15 de decembro de 2021**, a través da páxina web <http://galitiming.com/inscripciones-on-line.html> rellendo o formulario habilitado a tal efecto, e efectuando a transferencia bancaria correspondente.

O prezo da inscrición será: 25€ (opción **ECO** de 20€ ata o 31 de decembro).

Este prezo da opción de participar no Ascenso o Pico Sacro o sábado día 5.

**ECO**= sin regalo

Si antes da fecha de peche de inscricións (**01 de febreiro de 2022**), se chegase a dito número, non se admitirán mais participantes.

Unha vez realizada a inscrición, solo se accederá a devolución do importe en caso de lesión ou enfermidade, sendo necesario a presentación dun certificado médico mediante correo electrónico a seguinte dirección: [cdmvertice@gmail.com](mailto:cdmvertice@gmail.com)

A inscrición e persoal e intransferible e supón a aceptación de este Regulamento e a renuncia a todos os dereitos contra a Organización, renunciando a toda acción legal que puidera derivarse da súa participación na proba. Unha vez realizada, baixo ningún concepto, pode ser utilizada por outra persoa diferente a inscrita.

## 6.- CATEGORÍAS E PREMIOS

6.1.- Maratón:

Trofeos os tres primeiros de cada unha das categorías (non acumulables):

**Categoría absoluta** masculina e feminina,

**Veteranos (+45)** masculina e feminina

**Clasificación por Equipos/Clubs( tres primeiros):**

Os equipos terán que estar formados por un mínimo de 3 compoñentes, formalizando a inscrición co mesmo nome de equipo.

Pincho Final na Meta para tod@s.

## 7.- AVITUALLAMENTOS

7.1.- Como apoio, a Organización pon a disposición dos participantes os seguintes avituallamentos líquidos e sólidos:

**Km. 14**– Zona da canteira - Líquido + Sólido

**Km. 20**– Pico Sacro– Líquido + Sólido

**Km. 29**– Cruce CP-9801-Líquido + Sólido

## 8.- **MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN**

### 8.1.- Motivos de descalificación:

Non pasar polos puntos de control establecidos

Non realizar o recorrido completo

Non respetar o itinerario balizado ou a sinalización do recorrido

Entrar na meta sin dorsal

Deixar lixo (envases o envoltorios ou calquer outro desperdicio), fora das zonas de avituallamentos e control)

Non prestar auxilio a outro corredor que o necesite

Participar baixo identidade falsa ou suplantando a outra persoa

## 9.- **RETIRADA E ABANDONOS**

9.1.- Calquer corredor porá retirarse da proba sempre que o desexe, advertindo o control máis próximo ou o persoal da Organización e entregando o dorsal.

Si por caso de accidente ou lesión o corredor queda inmovilizado e non pode chegar hasta un punto de control, tendrá que avisar o corredor máis cercan ou esperar o vehículo escoba. Existirá un nº de teléfono para emerxencias.

9.2.- A Organización porá retirar da carreira, baixo o seu criterio, os participantes que teñan problemas físicos evidentes, tales como vómitos, desorientación, desmaio, etc. que poidan poñer en perigo a súa saúde, ou aqueles que teñan mermadas as súas condicións físicas para continuar en carreira.

9.3.- Os participantes están obrigados a prestar auxilio os accidentados ou a aqueles que o requiran.

## 10.- **ENTREGA DE PREMIOS**

A entrega de premios farase a partir das **14:30h**, acompañado dun picho final.

## 11.- **OUTRA INFORMACIÓN**

11.1.- A Organización disporá de servizos de asistencia médica. Tamén pondrá a disposición dos participantes as duchas e vestiarios do Pavillón Polideportivo Municipal (zona chegada).

11.2.- Coordenadas GPS:

-Meta/Recollida de dorsal: 42.773046, -8.483207

-Saída Maratón: 42.754908, -8.408446

11.3.- Todos os participantes oficialmente inscritos estarán cubertos por unha póliza de seguros concertada pola Organización, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenrolo da proba e nunca como derivación de un padecemento ou tara latente, imprudencia, inobservancia das leis e do articulado deste Reglamento, así como os producidos nos desprazamentos ou desde o lugar en que se desenrola a carreira.

11.4.- A Organización reservase o dereito de admisión nesta proba.